



Reto Lector Intercentros

Co obxectivo de fomentar a convivencia e a lectura, celébrase este reto intercentros entre o CPI de Cova Terreña (Baiona), CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco) e CPI Arquitecto Antonio Palacios (Nigrán).

Posto que o lema das Bibliotecas Escolares do curso 23/24 é *Unha Biblioteca Escolar en viñetas*, o concurso centrarase en dúas coleccións de cómic clásico presentes nos fondos bibliográficos dos centros:

- Astérix
- Mortadelo e Filemón

Neste reto lector, grupos de alumnado realizarán a lectura destes cómics de xeito voluntario e autónomo para finalmente presentarse a un cuestionario en liña sobre eses cómics.

Bases do concurso

O concurso (proba Kahoot) celebrarase a última semana de maio e poderá participar alumnado de 4º de Ed. Primaria a 4º ESO. Formaranse grupos de máximo 4 integrantes, que terán que poñerse un nome facendo referencia a algún tema literario. A inscrición no concurso farase na biblioteca de cada centro.

Todos os grupos participantes terán un diploma acreditativo da súa participación e o grupo gañador de cada centro recibirá un agasallo.